

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN

PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA



Concello
da Estrada



1.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN

2.- CARACTERÍSTICAS DE USO

3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO Á INSTALACIÓN

3.1.- MATERIAL DE PROTECCIÓN DISPOÑIBLE PARA OS USUARIOS

4.- NORMAS COMÚNS DE ACCESO ÁS PISCINAS MUNICIPAIS

4.1.- APERTURA PREVIA INSTALACIÓN

5.- MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA A INSTALACIÓN

6.- SOLICITUDE INSTALACIÓN

7.- ANEXO I. SOLICITUDE

Este protocolo será de obrigado cumprimento por parte dos usuarios que vaian utilizar as piscinas municipais do Concello da Estrada, Será complementado por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.

De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderalles aos usuarios dende o momento que se atopen dentro da instalación, e baixo a súa exclusiva responsabilidade.

1.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN

Poderán utilizar as diferentes instalacións os cidadáns que cumpran os requisitos marcados e realicen o procedemento para acceder correctamente.

Terán prioridade na utilización durante o horario de apertura, todos os usuarios, quedando unha franxa horaria a determinar para os deportistas que o precisen do noso Concello, nunca interferindo nos horarios de apertura ao público.

Poderá acceder á instalación calquera deportista local, tendo carácter preferente o acceso dos deportistas integrados, a través da correspondente licenza, na federación deportiva cuxas modalidades e especialidades deportivas se desenvolvan no medio acuático; natación, salvamento e socorrismo, triatlón e duatlón. Para iso, é necesario cubrir a solicitude correspondente e respectar a normativa sanitaria.

Só se atenderán as solicitudes que se formulen en tempo e forma mediante cita previa. Cumprimento obrigado de normas de hixiene e seguridade.

Esta normativa será a que se aplicará nas piscinas municipais para a tempada 2020 (xullo e agosto)

2.- CARACTERÍSTICAS DE USO

- Poderán acceder os maiores de 2 anos e menores de 12 anos, sempre e cando vaian acompañados dun adulto, coa debida acreditación.
- Poderán acceder os menores de 14 anos, sempre e cando presenten unha autorización do pai/nai/titor legal para poder acceder ás instalacións sen acompañante.
- **Días de utilización: de martes a domingo. Luns pechado por mantemento.**
- **Horario das instalacións: de 15.00 h a 21.00 h. Domingos de 13.30 h a 21.00 h.**
- A instalación terá limitada a súa capacidade, así como cada un dos tres vasos que forman parte dela. A cabida máxima permitida será do 30% da capacidade da instalación, sempre que sexa posible respectar a distancia de seguridade entre usuarios de dous metros. No caso contrario, reducirase a dita capacidade, para os efectos de cumprir coa distancia de seguridade.
- **Dependendo da capacidade de cada vaso, segundo a lámina de auga, poderán establecerse quendas para a súa utilización.**
- As zonas de vestiarios terán acceso restrinxido dependendo da normativa sanitaria. Unicamente se poderán utilizar os aseos e os cambiadores. As duchas estarán precintadas e non se poderá facer uso delas.
- Non lles estará permitido aos usuarios particulares realizar eventos colectivos.

No caso de que algunha solicitude sexa denegada porque non está permitido e/ou aconsellado polas autoridades sanitarias, faráselle saber ao solicitante.

3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO Á INSTALACIÓN

- **Presentación da solicitude segundo modelo (Anexo I), para concertar a cita previa que aproba o acceso á instalación, e o control da súa capacidade.**
- Para poder acceder á piscina e controlar a súa cabida, requirírase a concertación dunha cita previa co departamento de deportes do Concello da Estrada no correo electrónico piscinasmunicipais@aestrada.gal ou no número de teléfono 682 846 681, xa sexa cunha chamada ou por whatsapp. No caso de superarse a súa capacidade, propoñeráse un horario alternativo, fóra do cal non se poderá permanecer na instalación.
- As instalación deportiva terá unha porta de acceso e outra de saída.
- **Dentro do recinto da instalación, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros, ca excepción do seu uso, durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas instalacións das piscinas.**
- Deberán limparse as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar e saír en cada estancia
- Deberanse desbotar as máscaras, luvas, papel, etc... que se utilicen, nas papeleiras que hai na instalación.

3.1.- MATERIAL DE PROTECCIÓN DISPOÑIBLE PARA OS USUARIOS

Sempre e cando o necesiten, á instalación terá a disposición dos usuarios:

- Hidroxeles
- Papeleiras non manuais
- Papel dun só uso
- Luvas (No caso de que lle rompan)
- Máscaras (no caso de que lle rompan)

4.- NORMAS COMÚNS DE ACCESO ÁS PISCINAS MUNICIPAIS

4.1.- APERTURA PREVIA DA INSTALACIÓN

- Limpeza e desinfección profunda das instalacións previa á reapertura mediante unha empresa ou persoal especializado en limpeza e produtos homologados, con especial atención aos espazos pechados como vestiarios, baños ou servizos.
- Así mesmo, deberanse limpar e desinfectar os diferentes equipos e materiais como, vaso, separadores de piscina, material auxiliar de clases, reixa perimetral, caixa de urxencias, gardarroupas, así como calquera outro en contacto cos usuarios, que forme parte da instalación. Naquelas superficies en contacto frecuente coas mans dos usuarios, como os pomos das portas dos vestiarios ou varandas, deberase levar a cabo unha limpeza e desinfección, polo menos, tres veces ao día.

Os biocidas que deben empregarse para a desinfección de superficies serán aqueles do tipo de produto 2, referidos no anexo V do Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, de 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e

o uso dos biocidas. Así mesmo, poderanse utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia 1:50 preparada recentemente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

- Expoñer de maneira visible ao público un documento que acredite o traballo realizado antes da apertura.
- Apertura de xanelas que faciliten a ventilación do espazo.
- Aproveccionamento de material de sinalización e balizamento así como os EPIs para os traballadores que estableza a normativa. Lembraráselles aos usuarios, por medios de cartelería visible, as normas de hixiene e prevención que deben adoptarse, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.
- Nas zonas de estancia dos usuarios, débese establecer unha distribución espacial para garantir a distancia de seguridade de polo menos dous metros entre os usuarios mediante sinais no chan limitando os espazos. Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro de seguridade de dous metros establecido, evitando o contacto co resto de usuarios.
- No uso e limpeza dos aseos deberase verificar que, en todo momento, estean dotados de xabón e/ou xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida, autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- Formar o persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas,...) para garantir a súa seguridade e a dos usuarios.
- Non se poderá facer uso das duchas dos vestiarios nin das fontes de auga.

5.- MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA A INSTALACIÓN

- O responsable da instalación deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección axeitadas ás características e intensidade de uso da instalación prevista nesta normativa.
- Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características, conforme ás seguintes pautas:
 - ✓ Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) preparada recentemente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.
 - ✓ Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados desbotarase de forma segura, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, gardarroupas, aseos e áreas de descanso.
- Así mesmo, cando existan postos de traballo compartidos por máis dun traballador, realizarase a limpeza e desinfección do posto tras a finalización de cada uso, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación.
- No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección regular destes, seguindo o procedemento habitual.
- Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.
- Cando de acordo co previsto nesta normativa, o uso dos aseos estea permitido por clientes, visitantes ou usuarios, a súa ocupación máxima será dunha persoa, agás naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Deberá reforzarse a limpeza e

desinfección dos referidos aseos garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.

- Fomentarase o pago con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, evitando, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo. Dependendo da ordenanza que rexa o pago da instalación, poderanse eliminar as taxas de considerarse apropiado.
- Os aseos a disposición dos traballadores e usuarios serán os existentes nas instalacións.
- Os aseos non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.
- Desbotar os panos ou calquera material susceptible de ser desbotado nas papeleiras instaladas.

6.- SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS

- Enviar a solicitude debidamente cuberta a piscinasmunicipais@astrada.gal ou no número de teléfono 682 846 681, xa sexa cunha chamada ou por whatsapp, a modo de cita previa, para a aprobación por parte do departamento de deportes do Concello da Estrada.
- É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 24 horas antes.
- Non se atenderán solicitudes que non cumpran este requisito.
- No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propoñerá un horario alternativo, sempre e cando sexa posible.



Concello
da Estrada



7.- ANEXO I

SOLICITUDE CITA PREVIA UTILIZACIÓN PISCINAS MUNICIPAIS

O Concello da Estrada, por medio da Concellería de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadá, abre a solicitude, previa cita, para a utilización das PISCINAS MUNICIPAIS. A autorización para a utilización pode estar condicionada polos protocolos doutras administracións.

NOME DO SOLICITANTE _____

NOME DO RESPONSABLE ADESTRAMENTO (SO PARA CLUBS): _____

NOMES DOS DEPORTISTAS ADESTRAMENTO (SO PARA CLUBS) _____

ENDEREZO _____

DNI: _____ TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

DÍA: _____

FRANXA HORARIA SOLICITADA: _____

OBSERVACIÓNS: _____

***É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 24 horas antes
Non se atenderán solicitudes que non cumbran este requisito
No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propondrá un
horario alternativo***

O SOLICITANTE DECLARA:

- *Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva nas piscinas municipais do Concello da Estrada e comprométese ao seu cumprimento de forma exhaustiva.*
- *Asímesmo declaro que accederéi ás instalacións coas medidas esixidas, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo das piscinas municipais do Concello da Estrada para cada un dos espazos.*
- *Declara que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos existentes nunha situación pandémica como a actual.*
- *Declaro que non padecín ningún síntoma do Covid-19 nos últimos 15 días:*
 - *Febre.*
 - *Cansazo.*
 - *Tos seca.*
 - *Dificultade para respirar.*
- *Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 15 días.*
- *Que avisarei, de forma inmediata, si algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.*
- *No caso dos clubs deportivos, deben de cumprir estes requisitos os participantes no adestramento.*

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas de utilización das piscinas municipais do Concello da Estrada.

A Estrada, _____ de _____ de 2020

SINATURA:

Enviar ao correo piscinasmunicipais@astrada.gal